




PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE  
DAS ILLAS ATLÁNTICAS  
DE GALICIA





*Debuxo: alumnos/as de CP Bouza Brey (Vigo) participantes no programa didáctico do PN.*

## FICHAS PARA NENOS E NENAS DE 3 ANOS



Fichas elaboradas con fines didácticos para nenos e nenas de 3 anos e que queiran comezar a coñecer animais que viven nas illas do noso Parque Nacional.

Algunhas das fichas complétanse cunha breve información sobre os animais que se mostran en cada ficha. Así o docente pode comunicarllo aos rapaces/as e enriquecer así a actividade didáctica.






Pinta con pintura de dedos o número 1 seguindo o trazo e colore a o peixe con ceras







peixe







Pinta por enriba o número 2 con pintura de dedos e fai outro igual ao seu carón. Colorea as 2 estrelas de mar con ceras.







Segue o trazo do número 3 e logo fai un ao seu carón. Despois colorea os tres animais mariños con ceras de cores



estrela de mar




golfinho





peixe






*Axuda a Martiño o corvo mariño a chegar á súa comida.  
Encántalle o peixe!*





Outros datos para complementar a actividade:

- Os corvos mariños cristados, igual que outras aves mariñas, dependen do mar para vivir, xa que se alimentan de peixe.
- Son grandes mergulladoras. Poden alcanzar con facilidade os 30 metros de profundidade cando se mergullan para pescar, e poden pasar varios minutos debaixo da auga.
- Para isto, están perfectamente adaptados: forma alongada e hidrodinámica, patas palmeadas e na parte de atrás do corpo para que lle sirvan como aletas, membranas transparentes que lle permiten ver mellor baixo a auga, grandes pulmóns para poder coller moito aire, un gancho ao final do peteiro para que non se lle escape o peixe... (poden explicarse as adaptacións axudándose dunha fotografía dun corvo mariño cristado na que se poidan observar).



Rodea en cor azul os peixes iguais ao modelo. Despois debuxa un peixe diferente a todos eles





*Rodea a gaivota mediana*

*Debuxa un sombreiro na cabeza da gaivota grande*



*Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*



Outros datos para complementar a actividade:

- Aínda que existen moitas especies de gaivota, a que podemos ver maioritariamente nas nosas costas é a gaivota patiamarela: cando son adultas, teñen as patas amarelas e o peteiro tamén amarelo cun punto vermello.
- Nas illas hai unha colonia de cría importante, con preto de 7000 parellas censadas no ano 2020.
- É verdade que a gaivota patiamarela é unha especie que se acostuma a comer practicamente de todo, sobre todo se é unha fonte fácil de comida (os nosos bocatas ou patatas fritas), pero o seu alimento natural nas illas son mexillóns, ourizos, cangrexos, algún peixe...
- Cando vemos gaivotas de cor pardo moteado, son os xuvenís, aínda que poden ser do mesmo tamaño das gaivotas adultas (serían as gaivotas adolescentes). É no seu terceiro inverno cando mudan a plumaxe e adquiren as cores típicas branca e gris.